



SUBVENCIÓN	Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2023, con carácter plurianual.
CÓDIGO PROCEDEMENTO	VI406E
PUBLICACIÓN	DOG núm. 113 do 15/06/2023. Resolución do 1 de xuño de 2023 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2023, con carácter plurianual (código de procedemento VI406E).
BASES REGULADORAS	BOE núm. 239, do 6/10/2021. Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O dito Real decreto foi modificado polo Real decreto 903/2022, do 25 de outubro (BOE núm. 257, do 26 de outubro).
OBXECTO	Este programa ten por obxecto o financiamento de actuacións ou obras de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas, xa sexan unifamiliares ou pertencentes a edificios plurifamiliares.
PROCEDEMENTO	Concurrencia non competitiva: as solicitudes atenderanse por rigorosa orde de presentación ata o esgotamento do crédito dispoñible. Considerarase data de presentación aquela na que a solicitude quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta resolución
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Dende o 16/06/2023 ata o 02/10/2023.
INICIO DAS OBRAS	As actuacións non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020, nin estar finalizadas no momento da publicación desta convocatoria no DOG.
REQUISITOS	Son actuacións subvencionables aquelas que se realicen en vivendas, xa sexan unifamiliares ou pertencentes á edificios plurifamiliares, que constitúan o domicilio habitual e permanente das persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias no momento de solicitar a axuda, sempre que cumpran os seguintes requisitos:



	<p>a) Conseguir unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7 %; ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30 %; ou, no caso de actuacións de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica, adecuar a súas características aos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos nas táboas 3.1.1.a-HE1 e 3.1.3.a-HE1, do Documento Básico DB HE de Aforro de enerxía do Código Técnico da Edificación.</p> <p>b) Cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación e contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.</p> <p>Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.</p>
PRAZO DE EXECUCIÓN	<p>O prazo para executar as obras para a mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade nas vivendas que se acollan ás axudas deste programa non poderá exceder de doce meses, contados desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda.</p>
SOLICITANTES	<p>Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas. As persoas beneficiarias das axudas poderán facultar e autorizar, mediante o correspondente acordo, que un axente ou xestor da rehabilitación actúe por conta daquelas, ao abeiro do artigo 8 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.</p>
CONTÍA DAS AXUDAS	<ol style="list-style-type: none">1. O importe da subvención será do 40 % do custe da actuación, cun límite de 3.000 euros por vivenda.2. No importe obxecto de subvención poderán incluírse os honorarios dos profesionais interviñentes, o custe da redacción dos proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa, e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. Non se consideran custes subvencionables os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.3. O custe mínimo da actuación terá que ser igual ou superior a 1.000 euros por vivenda.4. Para os efectos da compatibilidade das axudas deste programa con outras axudas públicas estarase ao disposto no artigo 46 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.



**DOCUMENTACIÓN
A PRESENTAR COA
SOLICITUDE**

As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa ou entidade que actúe no nome da persoa física solicitante, no seu caso. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar no seguinte enlace: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos>.

b) Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro **documento que acredite a titularidade** da propiedade ou do usufruto da vivenda, no caso de que a solicitante sexa una persoa física que non conste como titular catastral.

c) Contrato de alugamento da vivenda e autorización da persoa arrendadora para a realización das actuacións, no caso de que a persoa solicitante sexa arrendataria.

d) Proxecto da actuación a realizar ou, no seu caso, memoria xustificativa da actuación, que deberán estar subscritos por persoa técnica titulada competente e contar coa conformidade da persoa beneficiaria. A documentación mínima desta memoria será descrición e xustificación do cumprimento dos requisitos, orzamento desagregado e planos que definan completamente a actuación. Así mesmo, incluírá a contía da axuda solicitada.

e) Certificado de eficiencia enerxética da vivenda do seu estado final, considerando realizadas as actuacións previstas, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o Certificado de eficiencia enerxética do seu estado actual ou previo á intervención, subscrito por técnico/a competente, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda. Con este certificado xuntaranse os arquivos de cálculo (.xml, .cee ou .hee, etc.) xerados polo programa utilizado para a súa elaboración.

f) Solicitude de licenza ou comunicación previa, segundo proceda, onde se describa a actuación para a que se solicita a axuda. Se as obras están iniciadas, licenza urbanística ou, no caso de comunicación previa, incluírá unha declaración responsable de que non foi requirido polo concello para a súa emenda.

g) Orzamento da actuación (que inclúa o IVE e asinado). No suposto de que o importe correspondente aos custes elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos ou subministracións para o mesmo contratista ou provedor, copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme aos criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

h) Reportaxe fotográfica, preferentemente en cor, de todos os elementos obxecto da axuda antes da actuación.

i) Anexo II, comprobación de datos da persoa que ten o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto das



actuacións subvencionables, no suposto de que sexa distinta da persoa solicitante da subvención.

j) **Documento acreditativo do correspondente acordo** coa persoa propietaria, usufrutuaria ou arrendataria interesada na subvención, **no suposto de actuar por medio dun axente ou xestor de rehabilitación.**

k) **Avaliación favorable de adecuación ou declaración responsable do cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente»** no sentido establecido no apartado 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. No caso de optar pola declaración responsable axustarase ao contido do Anexo III.

l) Anexo IV, **de declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais** establecidos no PRTR e que puideran afectar ao obxecto de xestión, de ausencia de conflito de intereses e **de cesión e tratamento de datos** en relación coa execución e actuacións do PRTR.



FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	Presentación electrónica obrigatoria para todos os solicitantes.
INFORMACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• 012• Oficina de rehabilitación de vivenda.....881045897
CONSULTAS	rehabilitacionenerxetica@xunta.gal cuestións administrativas e técnicas



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Área Central, s/n. Pol.de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
igvs.xunta.gal